

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **23 de xullo de 2020**

No salón de sesións do Pazo Provincial, ás 18.00 horas do día 23 de xullo de 2020, reúnese a comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xuño de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte

acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 18 de xuño de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR EXPEDIENTE PARA O OUTORGAMENTO, A TÍTULO PÓSTUMO, DA DISTINCIÓN HONORÍFICA DE FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE AO INSIGNE CINEASTA DON JOSÉ LUÍS CUERDA MARTÍNEZ

Por parte da Presidencia da comisión explícase o contido da proposta.

Na quenda de intervencións todos os grupos manifestan a súa conformidade coa proposta, coincidindo de forma unánime no merecemento desta concesión.

D. Álvaro Vila Araújo, do PS de G-PSOE, agradécelle á Presidencia o feito de recoller a proposta formulada por tres deputados do seu grupo, así como a conformidade dos restantes grupos.

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Ratificar a incoación do expediente para o outorgamento, a título póstumo, da distinción honorífica de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao insigne cineasta don José Luís Cuerda Martínez.

2º.- Designar á deputada provincial dona Ana Patricia Torres Madureira como instrutora do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. A deputada instrutora actuará asistida polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

3º.- CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO A D. ISAAC ALONSO ESTRIVIZ.-

A Presidenta da comisión explica o contido da proposta.

A continuación, nas súas intervencións, todos os grupos manifestan a súa conformidade coa proposta do instructor do expediente e co merecemento desta distinción.

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- De conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada polo instrutor do expediente, outorgarlle a medalla de ouro da provincia ao insigne lexicógrafo ourensán don Isaac Alonso Estraviz.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CREACIÓN DUN PLAN PARA REDUCIR A FENDA DIXITAL E DE APRENDIZAXE

D. Álvaro Vila Araújo, do PS de G-PSOE, explica a moción presentada, dando lectura ás súas proposta de acordo.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, indica que estudará e reflexionará sobre as proposta de acordo, anunciando a súa reserva de voto para o pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que a moción quizás esquece a importancia que, polas súas competencias regulatorias, teñen nesta materia o Ministerio competente do goberno do Estado e a Unión Europea. Como exemplo indica a limitación de subvencións para instalación de infraestruturas de fibra óptica en núcleos de máis de 180 habitantes, o que leva consigo que moitos núcleos de Galicia se atopen con problemas de cobertura. Neste sentido engade que as reivindicacións da moción deberían tamén facerse extensivas a estas institucións.

D. Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, manifesta a súa reserva de voto para o pleno.

A **presidenta da comisión** indica que reservarán o voto para estudar a moción.

D. Álvaro Vila Araújo, do PS de G-PSOE, intervéñ para matizar que o texto da moción si fai referencias ás competencias do Ministerio de Transformación Dixital e que neste ámbito a institución provincial debe ser quen de reflexionar en que pode cooperar cos diferentes concellos da provincia.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Socialista e a abstención do Grupo Popular, DO, BNG e Cs, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

A) Aprobar un Plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe, no marco das súas competencias autonómicas, que axude a superar as desigualdades existentes garantindo a equidade e calidade do noso sistema educativo, asegurando a continuidade educativa a distancia do noso alumnado para que siga aprendendo nas mellores condicións posibles.

Concretamente, o devandito Plan deberá incluír:

1. O impulso dun grupo de traballo que analice a situación actual en relación coa fenda dixital e de aprendizaxe que existe nos centros educativos da Comunidade autónoma.
2. O deseño e posta en marcha, atendendo ao seu respectivo nivel competencial, de programas de radio e/ou dunha TV educativa con canles en aberto que ofrezan unha formación adecuada ás distintas etapas educativas para zonas sen Internet ou sen televisión por cable, dando cobertura así ao alumnado sen ordenador nin conexión.
3. Propostas de acordos coas empresas de telecomunicacións, así como educativas e a UNED para eliminar ou reducir ao máximo o custo de acceso aos recursos educativos online que potencien a utilización de plataformas, a escola virtual a distancia, como vías para que o alumnado poida avanzar ao seu propio ritmo de aprendizaxe.
4. Traballar en colaboración co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que o Programa de Extensión da Banda Ancha de Nova Xeración (PEGA-NGA) que prevé axudas para as zonas onde non hai cobertura se implemente canto antes propiciando que o 100% da poboación en España teña acceso a internet.
5. Coordinar actuacións para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe co obxectivo de:
 - a) Adoptar as medidas necesarias para que o alumnado que o necesite acceda a axudas específicas que lle permitan obter un dispositivo persoal con conexión á rede que poida utilizar no seu fogar para o seu proceso de aprendizaxe.
 - b) Poñer en marcha un plan especial de formación para os docentes en capacitación TIC sobre metodoloxías de ensinos activos a través de ferramentas de aprendizaxe a distancia.
 - c) Poñer en marcha accións de formación dirixidas ás familias e outros axentes da comunidade educativa co obxectivo de formarlles en competencia dixital e ser máis eficaces no uso das TIC, e así servir de apoio na aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
 - d) Contribuír a activar redes de voluntariado educativo: non presencial, vía telemática ou telefónica. Consistiría en prestar axuda e asesorar ás familias co fin de axudar para afrontar retos didácticos específicos: idiomas, matemáticas, ciencias, hábitos, etc.

- e) Capacitar dixitalmente e potenciar a acción de todos os servizos educativos de apoio (orientación, educación especial, psicopedagogos, logopedas, outros técnicos, servizos sociais ...) en contacto e a disposición do centro/zona escolar e de todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- f) Elaborar un protocolo de actuacións educativas ante calquera posible suspensión da actividade presencial e por motivos de excepcionalidade, alarma ou urxencia.

5º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 18.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.